

XXXIV FESTA DA BICI

MEMORIA

- ☒ **Data de realización:** 12 de xullo de 2026
- ☒ **Horario:** 10:00 –14:00
- ☒ **Lugar de saída/chegada:** praza Alcalde Segundo Durán
- ☒ **Número de participantes:** 350 (máx.)
- ☒ **Vías afectadas:** AC305-DP6702-AC302-DP6703 -DP6703 -AC305

DESCRIPCIÓN DA ACTIVIDADE

A Festa da Bici proponnos facer un percorrido por toda a vila dunha maneira lúdica, non competitiva e aberto á participación de todo o mundo, de maneira que teña a oportunidade de gozar dun reconfortante paseo que comezará aproximadamente ás 11:15 h, coa saída e a chegada na praza Alcalde Segundo Durán.

Teremos 2 percorridos:

PERCORRIDO ATA 8 ANOS: participarán nenas/os ata 8 anos e as/os que necesiten acompañante exclusivamente, cunha distanciadade 1,600 km, totalmente chan e polo núcleo urbano. Tamén e recomendable para os/as cativos/as da maiores desta idade que teña dificultades para realizar un percorrido máis longo. Sairá ás 11.15 h

PERCORRIDO GRANDE: unha vez que entren na praza os/as participantes do percorrido pequeno, comezase a saída do percorrido máis amplo, destinado a maiores de 8 anos, cunha distancia de 9.5 km, polo cal só se recomenda para participantes con predisposición a realizar esta distancia a un ritmo suave e moderado. Quedan excluídos/as os/as máis pequenos/as, que xa teñen o outro percorrido.

Percorrido grande : praza Alcalde Segundo Durán, rúa Fernández Albor, San Lázaro, AC-305, San Lázaro, Portocarro , Romeiras, DP-6702, A Granxa, Santa Cruz, Colo de Arca, Tarrío, Lesón, AC-302 (cruce) , Gonderande, Gandara, Camino Ancho, DP-6703, A Figueira, Lugar Baiuca, AC-305, A Devesa, Bandaseca , O Castro, A Silva, Vilariño-Maño, Xobre, A Laxe, Praia da Lombiña, Lugar de Cabío , DP-6703- Xobre – A Ponte , paseo dos Areos, praza Alcalde Segundo Durán.

XINCANA: para os/as nenos/as máis pequenos/as teremos na praza unha xincana de habilidade e destreza coa bicicleta, onde o monitorado axudará os/as pequenos/as ciclistas a amosa-las súas habilidades e destrezas sobre as 2 rodas. Tamén haberá un inchábel. **OPCIONAL**

Os/as participantes menores de 5 anos deberán ir en cadeiras adaptadas ás bicicletas de persoas adultas. A organización presenta dous tipos de percorridos, que dependen do nivel e idade das persoas participantes. Débese evitar que os/as máis pequenos/as realicen o percorrido grande; as persoas baixo cuxa responsabilidade estean (pais, nais...) deben valora-la distancia que poden completa-los/las nenos/as segundo a súa idade e habilidade no manexo da bicicleta.

Posibilidade de amenizar a chegada dos participantes e o avituallamento cun DJ- animador , que concluiría co sorteo de agasallos.